

EGAGRÓPILAS

Material que precisamos:

- * Unha agulla enmangada.
- * Unhas pinzas.
- * Unhas pinzas brandas, de ser posíbel
- * Un vaso.
- * Auga oxixenada.
- * Paciencia!

Como facer:

Método 1

Comezaremos por partir con coidado as egagrópilas en anacos máis pequenos. Coas pinzas extraeremos os osos que asoman. Atención ao cranios e mandíbulas, son verdadeiros tesouros, sen eles non poderemos coñecer cales son os animais que consumiu a curuxa. Ao final deste proceso, moi laborioso; teremos un montón de osos e peluxe. Se son pelos, plumas, ou ámbalas dúas, anótao.

Poremos os osos no vaso e engadir auga oxixenada. Ao día seguinte estarán perfectamente branqueados. Se vertemos o contido do vaso nunha peneira fino e o colocamos baixo a billa quedarán os osos perfectamente limpos dos pelos que quedasen adheridos. Unha ve secos procederemos á súa determinación.

Método 2

Tamén podemos extraer os osos das egagrópilas colocando a egagrópila de 10 a 12 horas en auga oxixenada. Deste xeito obteremos os cranios máis enteiros, porén a separación de osos e pelos é máis aburrida e se non poñemos coidado podemos "perder" entre os pelos numerosos osos.


Método 3

Consiste en somerxer a egagrópila nun recipiente con auga durante 10 minutos e unha vez branda coas pinzas e agullas esmiuzarase. É un método moi laborioso.


O PRIMEIRO MÉTODO É MÁIS PRECISO, O SEGUNDO É MÁIS RÁPIDO E O TERCEIRO PORÉN SER O MÁIS PRECISO DE TODOS É MOI LABORIOSO. O NORMAL É EMPREGAR O MÉTODO 1

EGAGRÓPILAS

CLAVE DE IDENTIFICACION DE MICROMAMÍFEROS EN EGAGRÓPILAS



ESQUELETE DUN MICROMAMÍFERO



Adaptado por Belén L. Arceñal da guía de mamíferos de España (Pruoy e Varela), da revista EL CARABO (Deon) e de Barn Owl Trust